

INFORME PROPOSTA DA AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL (ESPAZO>LAB) SOBRE BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS PARA PARTICIPAR NO PROXECTO LUGO, EMPREGO ACTIVO 2, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

O Concello de Lugo, no marco do Programa Operativo “Adaptabilidade e emprego” do Fondo Social Europeo, está a poñer en marcha “Lugo, emprego activo 2”, proxecto integral de inserción laboral das persoas que participen nel, composto de accións formativas de distintas especialidades laborais, obradoiros de formación en materias transversais, accións de orientación, intermediación e inserción laboral que, a través da constitución de itinerarios integrais e personalizados de inserción, ten como obxectivo a consecución da integración no mercado de traballo das persoas con maiores dificultades de acceso a el.

O proxecto ten unha duración de 36 meses e un presuposto de: 1.335.010,20 euros, dos cales o Fondo Social Europeo cofinancia o 80%, e o Concello de Lugo o 20% restante.

Este documento ten por obxecto establecer o procedemento de selección de beneficiarios e beneficiarias do proxecto “Lugo, emprego activo 2” de acordo coas seguintes

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROXECTO “LUGO, EMPREGO ACTIVO 2”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Primeira .- Estas bases establecen o procedemento de selección de persoas beneficiarias para participar na primeira fase do proxecto Lugo, emprego activo 2, que se desenvolverá a partir do primeiro semestre do ano 2012.

Segunda.- Dentro do proxecto, contémplanse dous itinerarios:

- Itinerario A, dirixido ás persoas desempregadas en xeral.
- Itinerario B, dirixido a persoas con especiais dificultades de inserción.

Terceira.- As accións formativas que se impartirán nos itinerarios de referencia durante a primeira fase son as que de seguido se relacionan:



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

Itinerario A:

- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións (450 horas)
- Monitor/a de ludotecas (300 horas)
- Monitor/a de turismo activo (320 horas)

Itinerario B:

- Técnico/a en transporte sanitario (385 horas)
- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (490 horas)
- Elaborador/a de queixos (475 horas)
- Enquisador/a (350 horas)

Cuarta.- Os obradoiros de formación transversal de carácter obrigatorio que se impartirán serán:

- Fomento das novas tecnoloxías da información e comunicación (75 horas)
- Fomento do coidado e respecto ao medio ambiente (8 horas)
- Fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (4 horas)
- Fomento da non discriminación e loita contra a exclusión social (4 horas).
- Habilidades sociais (15 horas)
- Hábitos laborais (para o itinerario B) (15 horas).
- Busca de emprego (8 horas)

Quinta.- Requisitos de participación:

- Con carácter xeral, as persoas que desexen participar no proxecto deberán estar en situación legal de desemprego, inscritas como demandantes na correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego, no momento do comezo do itinerario formativo.

- Con carácter específico, as persoas que poderán participar en cada un dos itinerarios deberán ser:

ITINERARIO A:

- Persoas desempregadas en xeral

ITINERARIO B:



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

- Mozos/as, menores de 30 anos
- Maiores de 45 anos
- Persoas desempregadas de longa duración

- Outros colectivos en risco de exclusión social (violencia doméstica, persoas en proceso de rehabilitación ou reinserción social, tales como ex toxicómanos/as ou ex reclusos/as, etnias desfavorecidas ou minoritarias na sociedade, mozos/as que non superaran a ensinanza obrigatoria, inmigrantes, persoas afectadas por invalidez física, psíquica ou sensorial, persoas sometidas a malos tratos físicos ou psíquicos.)

Estas situacións deberán ser acreditadas documentalente.

En ambos os dous casos, daráselles prioridade ás persoas empadroadas no Concello de Lugo.

Sexta.- As persoas interesadas deberán presentar solicitude de participación no proxecto, segundo o modelo que lles será facilitado no Espazo>lab, Centro de Orientación Laboral do Concello de Lugo, avda. da Coruña, 490 (antigo cuartel de Garabolos), e na Oficina de Participación Cidadá na ronda da Muralla, 197. Tamén poderá ser descargada da páxina web do Espazo>lab: www.lugo.es/espazolab, na do Concello de Lugo: www.lugo.es ou na do centro Europe Direct-Lugo: www.lugo.es/europedirect

Sétima.- Prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes deberán entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ronda da Muralla, nº 197, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte á publicación destas bases no Taboleiro de Edictos do Concello de Lugo. Á solicitude deberá xuntarse fotocopia do DNI.

Oitava.- Selección

A selección das persoas interesadas en participar no proxecto realizarase do seguinte modo:

a) Unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a lista de persoas admitidas para a entrevista persoal, así como as excluídas, motivo de exclusión e prazo para emenda, se é o caso.

Na entrevista, que será realizada por persoal técnico adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local, con experiencia en implementación de proxectos de inserción laboral. As persoas candidatas expoñerán a súa vontade e as razóns para participar no



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

proxecto. As valoracións extraídas da entrevista serán tidas en conta igualmente no proceso de selección para a posterior concesión de prazas.

b) Será obrigatorio levar á entrevista a seguinte documentación:

- Certificado de vida laboral actualizado
- Breve *curriculum vitae*
- Tarxeta de demanda de emprego
- Informes e xustificantes acreditativos, se é o caso, das distintas situacións de acordo co establecido no baremo de valoración.

c) O baremo de valoración para a selección será o seguinte:

- 1.- Muller desempregada: 1 punto
- 2.- Situación de risco de exclusión social*: 2 puntos (soamente valorable para o itinerario A)
- 3.- Experiencia o formación na materia da acción formativa que se solicita **: 1 puntos.
- 4.- Perda de emprego nos últimos 12 meses: 3 puntos
- 5.- Estar actualmente ou ter estado incluído nun itinerario de inserción do Servizo Público de Emprego ***: 2 puntos
- 6.- Mozos/as que non superaron a ensinanza obrigatoria ****: 1 punto
- 7.- Persoa coidadora non profesional que atenda persoas en situación de dependencia *****: 1 punto.
- 8.- Motivación para participar no proxecto: ata 3 puntos
- 9.- Interese demostrado pola busca de emprego: ata 3 puntos
- 10.- Percepción de prestacións por desemprego ou calquera outra similar: 3 puntos
- 11.- Interese, motivación ou disposición para o autoemprego: ata 3 puntos
- 12.- Apreciación da disposición para finalizar o itinerario: ata 3 puntos



13.- Participar en anteriores proxectos de inserción laboral do Concello de Lugo, sen rematar o itinerario: ata -5 puntos

** Acreditarase con informe emitido polos servizos sociais correspondentes ou documento oficial que avale a situación de que se trate.*

*** Acreditarase cos diplomas correspondentes.*

**** Acreditarase con informe do Servizo Público de Emprego.*

***** Acreditarase con certificado de escolaridade.*

****** Acreditarase con certificado de convivencia coa persoa dependente ou discapacitada e recoñecemento da incapacidade ou dependencia dela.*

d) Unha vez rematadas as entrevistas, procederáse á publicación das listas das persoas admitidas ao programa no Taboleiro de Edictos do Concello, así como a lista de reservas, no caso de que se produzan baixas de persoas seleccionadas.

Novena.- Obrigas e dereitos das persoas beneficiarias:

Serán obrigas das persoas beneficiarias:

- Respetar o compromiso adquirido co proxecto e a realización dos pasos e accións no seu proxecto individual.
- Facilitar todos aqueles datos que se soliciten dende o equipo técnico e garantir a súa veracidade.
- Asistir a todos os obradoiros e accións formativas que se impartan.
- Manter en todo momento o respecto e o acatamento ás normas de convivencia cara a todas as persoas participantes do proxecto: persoas beneficiarias, docentes, coordinación, equipo técnico. O incumprimento destas normas pode levar á exclusión do proxecto.
- Respetar todos os materiais que se faciliten para o desenvolvemento das accións dende as instalacións ata o material funxible.
- Será obrigatorio, para os efectos de computar como beneficiario/a do proxecto e por tanto ter dereito a diploma, realizar ao menos un 75% de todas as actividades obrigatorias do itinerario correspondente (75 % das horas teóricas; 75% das horas prácticas e 75% de cada un dos obradoiros obrigatorios).



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

- Todas as faltas deberán ser xustificadas. En ningún caso se percibirá o tanto por cento da bolsa correspondente ás horas de non asistencia, aínda que sexa por causa xustificada, no caso de ter dereito a ela.

Só se considerarán xustificadas as faltas:

- Por enfermidade: achegando xustificante médico
- Circunstancia familiar grave -enfermidade de familiar co que conviva, que necesariamente deba atender, hospitalización ou falecemento- sempre acompañando xustificante oficial da causa.
- Exames de estudos oficiais.
- Xestións en organismos oficiais. A non ser que polo tipo de trámite non sexa posible, para que sexa considerada falta xustificada, é necesario reincorporarse ao curso antes das 12 horas ou ausentarse del a partir das 12 horas. Deberase achegar un xustificante.

- Deberase respectar o horario e o calendario do curso. A reiterada falta de puntualidade será obxecto de falta de asistencia.

- Cando por causa xustificada non poida asistir á formación, deberase comunicar, de non ser así, transcorridos 3 días, causará baixa automática no proxecto.

- Na avaliación final, realizada polos docentes que imparten a acción formativa, terase en conta o nivel de participación das persoas beneficiarias, tanto na formación teórica coma na formación práctica, así como o acatamento das normas reflectidas nestas bases.

- Deberase asistir a todas aquelas titorías individualizadas, actividades, xornadas e seminarios que se convoquen para o desenvolvemento dos itinerarios.

- Deberán acatarse as normas establecidas en cada un dos centros e empresas de prácticas, onde se desenvolvan as accións.

- **Serán dereitos das persoas beneficiarias:**

- Dereito a un trato xusto e igualitario

- Dereito á intimidade e confidencialidade dos datos achegados ao equipo técnico



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

- Dereito ao uso e goce das instalacións para o desenvolvemento das actividades contempladas no proxecto
- Dereito a recibir unha formación de calidade
- Dereito a percibir a bolsa correspondente ao tanto por cento das horas asistidas nas condicións establecidas na base seguinte
- Dereito ao material necesario para o desenvolvemento e aproveitamento dos obxectivos do proxecto
- Dereito a un itinerario de inserción sociolaboral individualizado e adaptado ás necesidades observadas previamente
- Dereito á realización dun período de prácticas non laborais
- Dereito a unha tutoría e a un seguimento individualizado ao longo do proceso
- Dereito a que se articulen todas aquelas medidas, tanto a nivel social como de formación, que sexan necesarias para a mellora dos seus niveis de empregabilidade
- Dereito a recibir o certificado de asistencia no caso de asistir, ao menos, ao 75% das horas teóricas, ao 75% das horas prácticas, así como ao 75% de cada un dos obradoiros transversais obrigatorios e ser declarado apto no programa

Décima:

Conforme aos trámites económico-administrativos pertinentes, as persoas beneficiarias que non estean incursas en ningunha das prohibicións establecidas pola lei para recibir axudas públicas (artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións), percibirán unha bolsa por asistencia que, durante as horas teóricas da acción formativa ascenderá a 1,40 €/hora, e durante as horas prácticas a 3,95 €/hora.

Esta bolsa será compatible coa percepción da prestación ou subsidio por desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade, se ben o conxunto das rendas percibidas pola persoa beneficiaria da axuda por estes conceptos, incluído o importe da bolsa non poderá superar o 75 % da contía indicada para o IPREM.

O aboamento da bolsa, en ningún caso, tendo en conta os trámites administrativos para realizar para proceder a el, poderá realizarse en prazo



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

inferior a un mes, e percibirase a partir do segundo dende o comezo da acción formativa.

En ningún caso terán dereito a remuneración as persoas beneficiarias que asistan menos de trinta días do itinerario formativo.

Non recibirán bolsa as persoas que no momento do pagamento se comprobe que teñen débedas co Concello de Lugo.

Os obradoiros transversais obrigatorios non terán dereito a remuneración ningunha.

Décimo primeira.- En todo o non contemplado especificamente nestas bases, estarase ao establecido nas resolucións que en execución do proxecto emanen da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que se aproben as anteditas bases de selección de beneficiarios e beneficiarias para participar no proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo “Lugo, emprego activo 2”, así como o modelo de solicitude que se xunta como anexo.

É canto procede informar.

A Coordinadora da Axencia de
Desenvolvemento local

Isabel Villamor Cabado

A Axente de emprego e
Desenvolvemento Local

Paulina A. Gamazo Medina

Conforme:

A Concelleira Delegada

M.^a Esther Muñoz Mella



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

Proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”.